

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 9 de decembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día nove de decembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1412).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 25 de novembro, das extraordinarias e urxentes do 30 de novembro de 1 de decembro e da ordinaria do 2 de decembro 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1413).- DEVOLUCIÓNS DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral, e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a NEUMÁTICOS BERBÉS S.L. a fianza de 1.021,50 € constituída para responder da subministración de rodas xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.. EXPTE. 3881/241.

B) Devolver a TECNOCOM, S.A. as fianzas de 2.308 €, 6.160 € e 2.586,20 € constituídas para responder das subministracións de sistemas informáticos xa que foron executados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3850/241.

C) Devolver a UTE Areal de Carril (Hidroestructuras S.L.-Hidroscivil S.L.) a fianza de 4.593,20 € constituída para responder da mellora medioambiental e accesibilidade do areal de Carril xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30.07.2008 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3828/241.

3(1414).- CLASIFICACIÓN DE OFERTA E REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS. EXPTE. 33606/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 1.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

•1º.- TALLERES ELÉCTRICOS DE PONTEVEDRA, SOCIEDADE COOPERATIVA

•Segundo.- Requerir o licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES ELÉCTRICOS DE PONTEVEDRA, SOCIEDADE COOPERATIVA, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 658,80 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27.07.2010, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

4(1415).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 18994/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 1.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- SCI S.C. INTEGRAL, S.L.

2º.- COREOLUTIONS, S.L.

Segundo.- Requirir á empresa clasificada en primeiro lugar SCI S.C. INTEGRAL, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

5(1416).- AUTORIZAR AO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO, A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 11 DE DECEMBRO A PROBA CICLISTA DENOMINADA “CIRCUÍTO A NAVIA”. EXPTE. 10972/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.11.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Ría de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 11 de decembro de 2011, a proba ciclista denominada “CIRCUÍTO A NAVIA”, a partir das 9.30 horas, a carreira percorrerá pola rúa Lamelas, rúa Limpiño, Poza do Cabalo e Pedra Seixa, rematando ás 13.00 horas aproximadamente”.

6(1417).- AUTORIZAR Á DELEGACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 18 DE DECEMBRO O 50 GRAN PREMIO PEDESTRE DE NAVIDAD (CARRERA DEL PAVO). EXPTE. 10848/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.11.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, a organizar o vindeiro domingo 18 de decembro de 2011, o 50 GRAN PREMIO PEDESTRE DE NAVIDAD (CARRERA DEL PAVO) con saída ás 10.00h dende a Praza de Compostela, pasando entre os cruces coas rúas Reconquista e Velázquez Moreno, xiro hacia Concepción Arenal, xiro hacia lado semipeatonal da Alameda , García Olloqui, Montero Rios, barrera do edificio da Xunta de Galicia, tramo do paseo hacia o espigón do porto deportivo, xiro de 180º, as Avenidas (lado dereito das vías do tren), xiro arredor da farola e nadador , acera de Cánovas del Castillo, túnel do centro comercial, as Avenidas (lado dereito das vías do tren), entrada vehículos ao Náutico, García Olloqui, rematando na Plaza de Compostela onde estará a meta ás 14.30 horas.

7(1418).- AUTORIZAR Á AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 11 DE DECEMBRO O CROS ESCOLAR “XI MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO”. EXPTE. 10971/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 25.11.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Agrupación Viguesa de Atletismo, a organizar o vindeiro domingo 11 de decembro de 2011 o cross escolar “XI Memorial Andrés Abanqueiro” entre as 9.00 horas e as 14.00 horas no Parque de Castrelos”.

8(1419).- INADMISIÓN A CONCURSO DE VARIAS INSCRICIÓN. CONCESIÓN DO PRIMEIRO PREMIO DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL E MICROVÍDEOS “25 DE NOVIEMBRE. DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO-2011”. EXPTE.5132/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 5.12.11, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º) Non admitir a concurso as seguintes inscricións con indicación dos motivos:
Inscricións realizadas por D. Joaquín Tovar García ás modalidades de microvídeos e fotografía dixital. Ambas fóra de prazo.

Inscripción realizada por Dona Nerea Pérez Soto á modalidade de fotografía dixital. Fóra de prazo.

Inscripción realizada por Dona Cristina Cuenca Torres á modalidade de fotografía dixital. Fóra de prazo.

Inscripcións realizadas por Dona Livia Gómez Malo e Dona Cristina Carballido Cibreiro. Ambas inscripcións non acompañan as obras que din inscribir.

2º) Conceder o primeiro premio do concurso de fotografía dixital e microvídeos “25 de novembro. Día Internacional contra a violencia de xénero-2011”, na modalidade de fotografía dixital a Dona Gloria M^a Fuentes Rey, con DNI 36104733T, pola presentación da fotografía gañadora do concurso presentada baixo o lema “Nunca ... nin xogando“. O premio, recollido na base oitava das bases, consistirá nun bono, por importe de 500 euros, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización. Non conceder accésit na modalidade de fotografía dixital.

3º) Conceder o primeiro premio do concurso de fotografía dixital e microvídeos “25 de novembro. Día Internacional contra a violencia de xénero-2011”, na modalidade de microvídeos a Dona Miriam Rodríguez Domínguez, con DNI 35571679-V, pola presentación do microvídeo gañador do concurso presentado baixo o lema “Semella que estou lonxe”. O premio, recollido na base oitava das bases, consistirá nun bono, por importe de 500 euros, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

4º) Conceder dous accésit no concurso de fotografía dixital e microvídeos “25 de novembro. Día Internacional contra a violencia de xénero-2011” na modalidade de microvídeos:

Primeiro accésit á D. Diego Mendez Lamas, con DNI 53176118-A, pola presentación do microvídeo presentado baixo o lema “Non cales, vive”.

Segundo accésit a D. Jesús Ruperto Andrés Tejada con DNI 36068578R, pola presentación do microvídeo presentado baixo o lema “Rompe co silencio”

O premio para cada un dos dous accésit, recollido na base oitava das bases, consistirá nun bono, por importe de 250 euros, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.”

9(1420).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2011. EXPTE. 22514/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 11.11.11, conformado

pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Outubro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	570,84	65,28	636,12
Alcaldía (oficina)	Outubro	Abalde Comesaña, Raquel	40,20	0,00	40,20
Policía Local	Outubro	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan G.	43.390,88	24.910,68	68.301,56
Parque Central	Outubro	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José A.	1.201,98	758,88	1.960,86
Parque Móbil	Outubro	De Amoedo García, Antonio a Riveiro Rodríguez, José	1.251,23	1.058,76	2.309,99
Extinción Incendios	Outubro	De Alonso Villar, Justo a Veiga García, Rubén	4.900,38	1.131,52	6.031,90
Cemiterios	Outubro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.768,82	0,00	2.768,82
Montes, Parques e Xardíns	Outubro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.543,68	758,88	2.302,56
Vías e Obras	Outubro	De Gutierrez Rodríguez, José	32,16	0,00	32,16
Desinfección	Outubro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	217,08	195,84	412,92
Museo	Setembro Outubro	De Ogando López, José M a Fernández Fernández, Aman-tino	341,72	0,00	341,72
IMD	Outubro	De Rodríguez Presas, Julio	145,72	0,00	145,72
Cultura	Outubro	De Ramón Vázquez Martínez	20,10	0,00	20,10
Limpeza	Outubro	De Hermida Sanmartín, Juan J	233,16	334,56	567,72
	TOTALES		56.657,95	29.214,40	85.872,35

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 85.872,35 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

10(1421).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO-2011. EXPTE. 22521/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 18.11.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Outubro-2011 e que ascenden a un total 611'00 € (SEISCENTOS ONCE EUROS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

11(1422).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR UN VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DE JUAN JESÚS GARCÍA ALFONSO, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE-2011. EXPTE. 22478/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 11.11.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, aboaráselle a don Juan Jesús García Alfonso, segundo relación que se achega no expediente, por un importe de 111,54 €, correspondentes ó 3º trimestre de 2011 e con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

12(1423).- PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO-2011. EXPTE. 22480/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 11.11.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Outubro de 2011, e que ascenden a un total de 1.161,16 €, con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

13(1424).- PRODUCTIVIDADE POR CAMPAÑA DESINFECCIÓN-2011 DO PERSOAL DO PARQUE DE DESINFECCIÓN. EXPTE. 22298/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do

1.09.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Outorgar aos funcionarios do Servizo de Desinfeccion que a continuacion se relacionan un complemento de produtividade polos importes que se inidcan, polo especial rendimento, iniciativa e interese demostrado no desempeño das funcións encomendadas na realizacion da Campaña de desratizacion levada a cabo no ano 2011:

- D Manuel Antonio Pereiro ALonso, Oficial Desinfector, con nº de persoal 17578, por importe de 1097.79 €
- D Andres Avelino PARDellas Avion, , Oficial desinfector, con nº de persoal 09722, por importe de 2195.58 €
- D Jose Manuel Sousa Atrio, Oficial desinfector, con nº de persoal 22790, por importe de 2195.58 €
- D Alberto Seijas Fernandez, Oficial desinfector, con n de persoal 81369, por importe de 2119.87.€
- D RAmon Seijas Alvarez, Capataz do SErvizo de desinfeccion, cn n de persoal 16350, por importe de 2195.58€
- D Jesus Perez Tome, Oficial Conductor, con nº de persoal 13675 por importe de 2195.58 €

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 11999,98 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo a partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade”

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

14(1425).- DAR CONTA DA ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIÓNS DE D^a RAQUEL ABALDE COMESAÑA DE XEFA DE NEGOCIADO DA ALCALDÍA. EXPTE. 22565/220.

A Xunta de Goberno local deixa pendente este expediente.

15(1426).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2011. EXPTE. 22479/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 11.11.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Outubro-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

16(1427).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZO ESPECIAS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XUÑO E OUTUBRO 2011. EXPTE. 22498/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 24.11.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00 - GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De José A. Alonso Iglesias a Miguel A. Alonso Alonso	Xuño-2011	181,00
Parque Central	De Emilio Aira Pereiro a Bernardo Rodríguez Lestón	Xuño-2011	162,00
Parque Móbil (Limpieza)	De Angel Alonso González a Manuel Quintas Pérez	Xuño-2011	50,00
Parque Móbil	De Francisco J. Agulla Amorín a Antonio Gil González	Xuño-2011	133,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a Eduardo A. Pérez Da Silva	Xuño-2011	100,00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Xuño-2011	75,00
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Outubro-2011	336,00

OSPIO	De Angel Ferro Mancho a Loreto Romero Gil-Delgado	Xuño-2011	90,00
Extinción Incendios	De Justo Alonso Villar a Rubén Veiga García	Outubro-2011	1.219,00
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Xuño-2011	15,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Constante Alonso Caride a Ramón Vidal Macía	Outubre-2011	683,15
Policia Local (Xulgados)	De Constante Alonso Caride a Juan Guillermo Vivero Mijero	Outubro-2011	824,00
Vias e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a Federico Rodríguez Prieto	Xuño-2011	179,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Xuño-2011	149,00
Conserxería	De Teresa Vaqueiro Herbelo a Rosa Teresa Vázquez Álvarez	Maio e Xuño-2011	54,75
Limpeza	De Luciano Arango Fernández a José Lago Lago	Maio-2011	60,00
Mobilidade, Transporte e Seguridade	De José Ramón Alonso González a José Bancelos González	Xuño-2011	72,00
Recursos Humanos	Amelia Aragunde Martínez	Xuño-2011	34,17

O montante do presente expediente ascende a un total de 44.043,10 €”.

17(1428).- CORRECCIÓN DE ERRO EXPEDIENTE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDE AO MES DE SETEMBRO 2011. EXPTE. 22569/220.

Examinadas as actuacións do expedientedáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 1.12.11, que di o seguinte:

Con data 4 de novembro de 2011, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente administrativo nº 22422/220, de gratificacións en concepto de domingos, festivos e nocturnidade (mes de Setembro de 2011), nos termos do contido no seguinte cadro:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Setembro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	582,90	106,08	688,98
Alcaldía (oficina)	Setembro	Abalde Comesaña, Raquel	56,28	0,00	56,28
Limpeza	Setembro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	34.342,87	23.279,56	57.622,43
Policia Local	Agost/Setem	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	1.833,12	1.493,28	3.326,40
Parque Central	Setembro	De Alonso González, Angel a Riveiro Rodríguez, José	779,88	1.123,36	1.903,24
	Mar/Abr/Ago/Set	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Vázquez González, Domingo Gutierrez, Alberto	15.633,78	3.642,08	19.275,86

	Setembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.573,83	0,00	1.573,83
	Setembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.254,24	734,40	1.988,64
Parque Móbil	Agosto	De Arias Rodríguez, Dámaso	48,24	261,12	309,36
Extinción Incendios	Xullo	De Romero Gil-Delgado, Patricia a Pérez Vila, Adolfo	192,96	0,00	192,96
Cemiterios	Setembro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	192,96	174,08	367,04
Montes, Parques e Xardíns	Agosto	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	150,75	0,00	150,75
Electromecánicos	Setembro	De Rodríguez Presas, Julio	87,44	36,72	124,16
	TOTALES		56.729,25	30.850,68	87.579,93

Detectado un erro por omisión en relación coa columna “servicio” na relación contida no texto do acordo, de conformidade co previsto no artigo 105 apartado 2 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito e aritméticos existentes nos seus actos; propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Rectificar de oficio o erro por omisión detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2011, que quedará redactado como segue, en relación a columna denominada “Servicio”:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Setembro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	582,90	106,08	688,98
Alcaldía (oficina)	Setembro	Abalde Comesaña, Raquel	56,28	0,00	56,28
Policía Local	Setembro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	34.342,87	23.279,56	57.622,43
Parque Central	Agost/Setem	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	1.833,12	1.493,28	3.326,40
Parque Móbil	Setembro	De Alonso González, Angel a Riveiro Rodríguez, José	779,88	1.123,36	1.903,24
Extinción de Incendios	Mar/Abr/Ago/Set	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Vázquez González, Domingo Gutierrez, Alberto	15.633,78	3.642,08	19.275,86
Cemiterios	Setembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.573,83	0,00	1.573,83
Montes, Parques e Xardíns	Setembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.254,24	734,40	1.988,64
Electromecánicos	Agosto	De Arias Rodríguez, Dámaso	48,24	261,12	309,36
Vías e Obras	Xullo	De Romero Gil-Delgado, Patricia a Pérez Vila, Adolfo	192,96	0,00	192,96

Desinfección	Setembro	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	192,96	174,08	367,04
Museo	Agosto	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	150,75	0,00	150,75
IMD	Setembro	De Rodríguez Presas, Julio	87,44	36,72	124,16
	TOTALES		56.729,25	30.850,68	87.579,93

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1429).- DAR CONTA DO DECRETO DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 29.11.2011 DE READSCRICIÓN DE DIVERSO PERSOAL. EXPTE. 22572/220.

Dáse conta do Decreto de 29.11.11, polo que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolve o seguinte:

A concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, en data 25 de agosto pasado, interesa o cambio de adscripción da auxiliar de administración xeral D^a. Beatriz Muradás Blanco, núm. persoal 21999, que na actualidade desempeña as súas funcións no Servizo de Medio Ambiente, ao Servizo de Sanidade, argumentando o mesmo na gran carga de traballo existente nesta última, pola vacante producida no posto de xefe de negociado de Sanidade e que repercute moi negativamente no normal funcionamento do referido Servizo, o cal aconsella unha redistribución de efectivos do persoal da Area, segundo se desprende do referido escrito de petición de data 25 de novembro pasado, que obra no expediente.

Asi mesmo, a medio de escrito de data 7 de outubro de 2011, núm. doc 110129771, a auxiliar de administración xeral D^a. Iolanda Alonso Regueiro, núm. persoal 79394, adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita o seu traslado ao Servizo de Medio Ambiente, petición que foi conformada polo Xefe da citada área en escrito de data 22 de decembro de 2011.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 25 de novembro pasado autorizou os seguintes cambios de adscripción:

- *D^a. Beatriz Muradás Blanco, nº de persoal 21999, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Medio Ambiente, cod. 215, ao Servizo, Cód. 310-Sanidade.*
- *D^a. Iolanda Alonso Regueiro, nº persoal 79394, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Benestar Social, cód 301, áo Servizo de Medio Ambiente, Cód. 215.*

